

F. Fernández Rei (2008): “O *ALGa* e o Arquivo do Galego Oral: a imaxe do galego”, en E. Fernández Rei / X. L. Regueira Fernández (eds.): *Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 35-74.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# O *ALGa* E O ARQUIVO DO GALEGO ORAL: A IMAXE DO GALEGO

*Francisco Fernández Rei*

Instituto da Lingua Galega. USC

A recolleita sistemática do galego oral en todo o seu dominio lingüístico (Galicia administrativa e comarcas estremeiras de fala galega de Asturias, León e Zamora) foi unha das principais liñas de investigación do Instituto da Lingua Galega (ILG) creado na Universidade de Santiago de Compostela en 1971.

Con ese material e co recolleito desde 1966 polo Departamento de Filoxía Románica, do que o ILG comezou sendo un servizo paralelo para poder captar e xestionar recursos para proxectos que o devandito departamento non podía conseguir, redactáronse, entre outros traballos, varias ducias de memorias de licenciatura e varias teses de doutoramento sobre o léxico (e a gramática) dunha parroquia, dun concello ou dunha comarca. Outras veces recolleuse o material para ser cartografado, caso do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, o proxecto máis antigo do ILG.

Antes de centrarme no *ALGa* e no estudo dos seus materiais, vou referirme ó contexto social e ó estado da investigación do galego oral e da codificación da lingua a comezos da década de 1970, para mostrar a imaxe do galego cando ese atlas aínda era un proxecto. E como remate farei unhas consideracións sobre o *Arquivo do Galego Oral* que ten como gravacións máis antigas os etnotextos do *ALGa*.

## 1. CONTEXTO DO TRABALLO DE CAMPO DO *ALGa*

### 1.1. *O contexto social*

O traballo de campo do *ALGa* realizouse practicamente entre novembro de 1974 e outubro de 1976. En Portugal caera o fascismo de Salazar e Caetano, mercé á revolución dos caraveis do 25 de Abril de 1974, mentres que en España o franquismo agonizaba preocupado polo posible contaxio da revolución portuguesa, o que explicaba nesa época os filtros e controis sobre os

que cruzaban as alfândegas de Tui ou Verín para achegarse a Valença do Minho ou a Chaves.

A maior parte das enquisas houbo que cubrilas nesa agónica etapa do fascismo español; e andando por Galicia adiante fomos testemuñas indirectas de movementos provocados por diversas accións políticas a unha e outra banda da raia. O fracasado contragolpe do xeneral portugués Espínola, polo San Xosé do 75, provocou un forte despregue de gardas civís na zona galega arraiana; os derradeiros fusilamentos políticos ordenados por Franco, a finais de setembro do 75, colléronnos campo a través, igual que outras accións co seu aquel político, nun momento de forte control da poboación e de total represión política.

Os tres investigadores de campo do futuro atlas (Rosario Álvarez, Manuel González e eu mesmo) andabamos de concello en concello preguntando formas verbais, refráns dos meses, partes do corpo humano ou xeitos de cultivar unha leira, á vez que tratábamos de rexistrar textos orais a informantes que non nos coñecían de nada e que nalgunha ocasión vían como a Garda Civil (ás veces de paisano) vixiaba o noso labor. O simple feito de falar en galego coa xente e andar a preguntar termos do noso patrimonio material e inmaterial, aínda que só fosen nomes de paxaros ou os chamadoiros do carro, tiña que ser motivo de sospeita. É verdade que puidemos movernos por Galicia adiante sen relativos problemas, porque levabamos connosco un escrito dos gobernadores civís franquistas de cada provincia, no que se explicaba o motivo da nosa investigación e se pedía a alcaldes –daquela todos eran nomeados polos gobernadores– e comandantes dos postos da Garda Civil que facilitasen o noso labor. E tamén levabamos un escrito do reitor da USC.

A mediados da década de 1970 a cultura agraria tradicional, que ocupaba boa parte das enquisas, era parte da vida dos posibles informantes. Daquela había carros de vacas por todas as partes e os arados de pau aínda traballaban as leiras, nalgunhas casas conservábanse os vellos teares e vivían as telelás que traballaran con eles, polo que coñecían ben a terminoloxía. Nalgunha ocasión fixemos parte da enquisa nun muíño, co maqueiro moendo e as mulleres agardando a súa quenda, porque aínda había muíños en activo. Esa Galicia con esa cultura tradicional practicamente non existe, despois da transformación que se produciu no rural desde os anos 80: hai uns anos cando estiven con João Saramago en Oímbra (val de Verín) para cubrir o cuestionario dun punto do *Atlas Lingüístico de Portugal* non encontrabamos un carro que fotografar; e despois de moito preguntar, demos con un que os donos gardaban nun alpendre como un tesouro.

Nos Ancares e no Courel puidemos apreciar (e tamén imaxinar) como sería de duro o traballo e a vida naqueles campos da alta montaña de Lugo,

cunha paisaxe nos anos 70 aínda moi humanizada, con parellas de vacas arando restrebas de centeo ou trigo, que o ano antes, ou todo máis o anterior, posiblemente foran searas cavadas á man e fertilizadas coa cinsa de toxo e doutras plantas bravas cortadas tamén á man e queimadas con terróns. Chegar daquela a esas zonas de montaña, e mesmo a outras da chaira, era unha aventura, pola moi deficiente rede de estradas en toda Galicia.

O kiwi nos anos 70 era un produto totalmente exótico, que só se cultivaba na zona do Porriño e se exportaba a Alemaña. Daquela en Santiago comprábanse kiwis que viñan de Córsega, que se vendían por unidade e eran moi caros, porque disque tiñan moitísimo alimento. Desde hai anos, as parras con esa froita de orixe neozelandesa inzan por toda Galicia, cunha enorme produción, e o froito está presente mesmo en produtos da repostería galega, polo que poida que algún día o kiwi se acabe convertendo na froita nacional galega.

No litoral, cando se abría a veda en outubro, quen antollase berberechos non tiña máis que ir a certas praias, baixar o lombo, remexer na tona da area e apañar os que quixese, porque non existía o *permex* (permiso de explotación) en vigor desde hai anos e sen o cal ninguén pode mariscar. Hoxe non se pode apañar nin sequera unha simple miñoca ou uns humildes caramuxos (ou minchas), que na beiramar das Rías Baixas xa empezan a chamarse *bígaros*, como na Mariña de Lugo, porque a etiqueta das depuradoras usa ese termo. E naqueles anos 70 vellos galeóns de transportes de barro e mercadorías das Rías Baixas reutilizábanse para facer bateas do mexilón.

Cando se realizou o traballo de campo do *ALGa* o galego estaba practicamente ausente de ámbitos de prestixio. Había xente que soñaba con cambiar esa situación, e semeaba arreo para dignificar o seu uso; e había moitos falantes das diversas xeracións que usaban unha lingua que para eles non tiña prestixio ningún, que moitos ignoraban que puidese contar cunha gramática ou cun dicionario, polo que ás veces había quen nos preguntaba se o que facíamos era recoller material para escribir un dicionario ou unha gramática.

Aínda hoxe me resoan no oído as primeiras palabras do informante de Seoane do Courel cando viu que queríamos recoller a fala do seu lugar e nos dixo algo así: “Si, si. Hai unhas semanas tamén veu xente da Universidade de Santiago para recoller cagadas de lagartos”. Iso quedoume gravado, como tamén o feito de ver a economía de supervivencia dunha zona con prados moi costentos gañados ó monte, onde vin por primeira vez parellas de vacas co xugo da molida tirando dun arado de pau ou tirando dun carro, ás veces unha xugada diante e outra detrás do carro.

## 1.2. *A investigación sobre o galego oral*

Na década de 1930 iniciáronse os traballos de dialectoloxía galega propiamente dita cunha dobre perspectiva: estudos en profundidade dunha localidade ou comarca pequena e estudos en sentido horizontal, nos que se tiña en consideración un ou varios fenómenos analizados en todo o territorio ou en zonas moi amplas (Santamarina 1982: 163 ss.). No primeiro tipo de estudos o pioneiro foi Schneider (1938), que realizou unha profunda descrición da fonética, morfoloxía e vocabulario da cunca do Limia ourensán, relacionando a fala da comarca con falas portuguesas. Nos anos 50 salientan dous estudos sobre o galego estremeiro (tradicionalmente chamado “galego exterior”), o de Cortés y Vázquez (1954) sobre Lubián (Zamora) e o de Dámaso Alonso e García Yebra (1959) sobre o ancarés de León.

Krüger (1927) recollera léxico en puntos de fala galega aplicando o método “Palabras e cousas”, e o mesmo farán nos anos 30 discípulos seus da Escola de Hamburgo: Ebeling (1932), que estudou os apeiros das terras lucenses da Fonsagrada e Becerreá; e Schroeder (1937, 1938) que se ocupou dos barcos de pesca de Fisterra e logo da casa fisterrá. Neses anos etnógrafos galegos aplicaban unha metodoloxía semellante, como se ve en Risco (1933) na análise da cultura material da Terra de Melide ou en Lorenzo Fernández (1934) no estudo das dornas do Porto do Son, con especial atención ó léxico; e o mesmo en traballos posteriores deste etnógrafo e nos de Fermín Bouza Brey.

A dialectoloxía galega en sentido horizontal iníciase cos inquéritos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* realizados nos anos da II República (1931-1936) e continuados entre 1947 e 1954. Poucos traballos se fixeron con este material, porque se publicou tarde e só apareceu o vol. I (en 1962), con 75 mapas fonéticos. A partir de notas marxinais dos cuestionarios o investigador do *ALPI* Aníbal Otero publicou un artigo sobre o verbo galego (Otero 1952); e tamén foi editando moitas palabras dos inquéritos, definidas e localizadas: 4.169 voces en “Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1949-1977) e 2.319 voces en “Contribución al léxico gallego y asturiano”, en *Archivum* (1953-1964)<sup>1</sup>.

Entre 1942 e 1945, na súa etapa de profesor na Universidade de Santiago de Compostela, Zamora Vicente fixo inquéritos por toda Galicia sobre fenómenos dialectais. Con eses e con algúns datos que lle forneceron galegofalantes que tratou ou coñeceu persoalmente en Santiago, puido trazar unha

1. O número de voces de cada artigo e a ficha editorial pode verse en Santamarina (2003: 52-53).

rede de 119 puntos, desde 1 Cedeira (norte da Coruña) a 119 A Gudiña, próximo ás Portelas de Zamora.

Este material permitiulle publicar os artigos sobre o seseo (Zamora 1951), a gheada (Zamora 1952) e a distribución das terminacións *-ao*, *-án* nas palabras latinas en *-ANU* (Zamora 1953); e anos despois aparecerá o derradeiro dos seus traballos de dialectoloxía galega, dedicado á xeografía dos grupos *-uit-*, *-oit-* (Zamora 1963), cuns resultados que consideraba provisorios, como nos anteriores, á espera do *ALPI*. Ademais do material dos seus inquéritos, tivo en conta a información de lexicógrafos, gramáticos e, sobre todo, os diversos estudos lingüísticos e etnolingüísticos sobre galego publicados no século XX.

Mentres que García de Diego considerara en 1909 que as diferenzas nas diversas zonas do galego non eran tan profundas como para poder constituír grupos dialectais, Zamora Vicente en 1953 estableceu a primeira clasificación das variedades dialectais sen limitarse a enumerar fenómenos: “Por lo pronto, creo que ya se puede ir viendo con cierta precisión que hay dos claros subdialectos: uno oriental o continental (**x** y **g** diferenciadas, distinción de **s** y **θ**”, terminación *-ao*) y otro occidental o atlántico (geada, seseo, *-an*)” (Fernández Rei 2007: 23).

Propoñía realmente unha división de Galicia en tres ou catro zonas dialectais: a) occidental, con seseo, *gheada* e terminación *-án*; b) oriental, con distinción de *s/z*, sen *gheada* e coa terminación *-ao*; c) intermedia, con distinción de *s/z*, *gheada* e terminación *-ao*. A fronteira entre o galego occidental e o oriental non quedaba ben definida, como proba o feito de que cando Lindley Cintra realizou unha proposta de clasificación dos dialectos galego-portugueses, estableceu a fronteira entre galego occidental e oriental coa isoglosa da gheada de Zamora Vicente, co que considerou occidental as falas con gheada, aínda que carecesen de seseo e da terminación *-án* (Santamarina 1982: 166). A partir de 9 trazos (entre eles os tres de Zamora Vicente), Carballo Calero (1969) establecería unha clasificación do galego de Galicia en catro dialectos (suoccidental, noroccidental, central e oriental).

A pioneira memoria de licenciatura de Santamarina de 1967 sobre a fala de San Martín de Suarna (A Fonsagrada), baseada no método “palabras e cousas”, serviu de modelo de moitos traballos sobre o léxico de parroquias e de concellos galegos realizados a finais dos 60 e comezos da década seguinte<sup>2</sup>.

2. En 1966 Marília Luz Muñoz Bacelar presentara na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa a memoria de licenciatura *Cambados, palabras e coisas*, dirixida por Luis F. Lindley Cintra, mais non se tivo en conta nos traballos realizados na USC porque non se coñeceu ese traballo ata varios anos despois.

### 1.3. A codificación do galego en 1971

Aínda que o coñecemento científico do galego era moi incipiente, en 1970 sentíase a necesidade dunhas normas para o uso escrito; de aí que a Real Academia Galega publicase o folleto *Ortografía galega*, que constaba dunha ampla introdución seguida das “Normas”, cun apartado para o abecedario, o acento ortográfico e as contraccións; e un cuarto apartado, “A norma supletoria”, onde se dicía que “nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá”. A Academia recollía os criterios de unificación ortográfica que a editorial Galaxia fora aplicando en maior ou menor medida nas súas publicacións.

Un ano despois a Academia editou as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971), cunha primeira parte (“Introducción ás normas ortográficas”), que era o texto de 1970, e unha segunda parte (“Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega”), que constaba de introdución e quince breves apartados normativos con cuestións fonéticas e morfolóxicas. Para a Academia, o bo galego era o escrito, o literario, mentres que a fala era xerarquicamente inferior:

A Academia, neste caso, codificou as normas xa ousevadas polo pobo e polos escritores, tendo presente todo o desenrolo histórico da lingua. As formas maioritarias de máis prestixio son as xeralmente adoptadas. Como unha fixación da lingua supón unha lingua literaria, a tradición neste aspecto considérase de especial virtude. Certas formas estendidas na fala vulgar durante os séculos en que cesou o cultivo literario e que son préstamos que pugnan con rasgos esenciais do galego, non son admitidas, e propóñense as enxebres, conservadas como minoritarias ou cultas, ou ben restauradas por un movemento de reactivación literaria do idioma. Non se pretende, endebén, refacer a lingua de outrora como se resuscita un corpo morto, e, foron, naturalmente aceptadas formas que evidentemente proceden dun influxo de adstrato ou superestrato. (RAG 1971: 23)

Oficializábanse trazos básicos do galego escrito da época como <x> e <nh> e a eliminación de apóstrofos, guións e acentos distintos do agudo, e adoptábanse os plurais *cancións* e *animáis* e as formas *irmán* (masc.) e *irmá* (fem.). En palabras de Alonso Pintos (2006a: 55), tratábase dunha “proposta arraigada na paisaxe ortográfica común, fundamentada nun repertorio de solucións tipográficas de base empírica contrastada que conquistara importantes espazos de visibilidade cos produtos editoriais da casa Galaxia”. Esa normativa académica tiña carácter provisional (“mentres outra cousa non se provea”) e aparecía “nun momento en que a nosa escrita ampliaba a comunidade de usuarios na que viña resistindo ata daquela para saír ao encontro dos novos tempos”.

Meses antes de que a Academia editase estas normas o Instituto da Lingua Galega, que, xunto coa investigación sincrónica da realidade lingüística do galego actual, tiña entre os seus fins o estudo, a promoción e o cultivo da lingua galega, publicaba o pioneiro manual de aprendizaxe *Gallego 1*, onde se consideraba que o modelo de lingua culta debía partir da fala popular e da tradición literaria, pero ambas depuradas. No prólogo (ILG 1971: 5-7) explicábase o ideal de lingua do manual:

El gallego que aquí utilizamos es sencillo, sin dar cabida a los vulgarismos, y elevado, sin ser un producto de laboratorio. La tradición literaria y la lengua hablada en las calles y caminos han sido tenidas en cuenta, depuradas y conjuntadas. Creemos que esto es muy importante. Una lengua es un sistema de comunicación, válido en la medida en que cumpla la misión de transmitir a otros seres los propios pensamientos. Hemos huido, por tanto, de todo aquello que podría dar una impresión de artificioso al hablante espontáneo, pero también de lo que no tiene una utilización general a nivel de lengua hablada.

Os autores salientaban que a unidade do galego oral era moi grande, o que resultaba asombroso ante a carencia dunha lingua culta, literaria ou non, á que tende todo falante para ser comprendido. No relativo ás normas ortográficas os redactores do manual do ILG querían que se axustasen á realidade e que non caesen nun fonetismo puramente técnico. Adoptaron, en principio, as normas provisórias da Academia, con algunhas diferenzas referidas á representación do alomorfo do artigo *lo(s)*, *la(s)* e ó resultado das contraccións das preposicións *a* e *pra* cos artigos masculinos:

Sobre el primer punto, hemos preferido una solución más gramatical. La asimilación de la *-r* o *-s* finales de determinadas formas con la *l* inicial del artículo o formas oblicuas del pronombre de tercera persona está extendida prácticamente en toda Galicia y es tan importante dentro de la lengua como para ser reflejada en la ortografía. La Academia registra esta asimilación cuando se trata del pronombre (*teño que levalo*), y no con el artículo (*teño que levar o neno á escola*). Nosotros utilizamos las grafías *teño que levalo*; *teño que levá-lo neno á escola*.

En el segundo caso, las normas académicas tienden a preferir *ao* y *á* y *pra o*, *pra a*. Nosotros hemos adoptado la grafía más utilizada por nuestros escritores: *ó*, *á*, *pró*, *prá*.

O ILG prefería estas grafías, en primeiro lugar, pola realidade fonética, pero tamén por ter en conta a tradición literaria e o criterio pedagóxico, xa que se trataba dun manual de aprendizaxe no que se procurou evitar dicotomías “como ensinar que se escribe *ao*, pero se pronuncia /ó/; se



escribe *levar o neno ao médico*, pero se pronuncia /levá-lo neno ó médico/”.

Na morfoloxía nominal no borrador inicial propoñíase o plural *animás*, que daquela era a solución da normativa da Academia. O ILG rexeitou a solución *animáis*, *papéis*, que xa tiña certo uso no galego literario, e preferiu o plural *animales*, porque “a tendencia moderna da lingua é a restauración dese sonido consonántico [ʎ], cousa non infrecuente e, polo tanto, non sospeitosa de castelanismo. Esta tendencia é moi clara nos monosílabos e nos polisílabos rematados en *-ol*, *-il*, *-el* e *-ul*: *alcoles*, *fusiles*, *papeles*, *baúles*” (García 1971: 139). Con todo, no *Gallego 1* propoñíanse as formas *cadris*, *reás* e *adrais* (plural de *cadril*, *real* e *adral*).

Alonso Pintos (2006b: 192) considera que o galego común que promove o ILG no seu manual “busca, á mantenta, adaptarse aos hábitos e pautas reais dos falantes, e eleva a fala a categoría de lingua exemplar. A escrita literaria tamén é tomada en conta, pero non co carácter primordial que se lle concedía no epítome da RAG. No *Gallego* outórgaselles aos falantes a razón idiomática, e estímase o seu galego como o mellor e o máis auténtico”.

## 2. O *ALGa* E AS *BASES* PARA UNIFICAR O GALEGO

Semanas despois de recollido practicamente todo o material do *ALGa*, os tres investigadores de campo comezamos a elaborar, a partir dese material, centos de borradores de mapas para mostrar a situación do galego oral nuns seminarios celebrados na Facultade de Filoloxía da USC entre decembro de 1976 e xuño de 1977, que os convocara o ILG para tratar de procurar un consenso normativo entre as propostas da Academia e do Instituto, e á vez tratar outros aspectos da codificación do galego.

Os resultados deses seminarios foron as consensuadas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (USC 1977). Hai solucións morfolóxicas (e algunhas léxicas) do galego estándar actual que parten deste texto, que foi a base da codificación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (ILG-RAG 1982), que contén menos dobretes cás *Bases* e grande aparato crítico, necesario daquela para razoar as solucións propostas<sup>3</sup>; por outra parte, na reforma normativa que a Academia Galega aprobou no 2003 nalgúns puntos volveuse ó acordado nesas *Bases*, como é o tratamento da terminación *-aría* / *-ería*, con priorización da primeira solución; as

3. Entre os dobretes estaban *ó* / *ao*, *tódolos días* / *todos os días* e os sufixos *-ble* / *-bel* e *-ería* / *-aría*, con priorización da primeira forma, que é a que aparece na redacción do texto.

formas *ditado*, *estrutura*, con eliminación do *c*; e dobretes como *Galicia* / *Galiza*, *oír* / *ouvir* e *ata* / *até*.

## 2.1. Morfoloxía

Os cadros 1 e 2 conteñen fenómenos morfolóxicos da *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero (1970<sup>3</sup>, 1974<sup>4</sup>), do manual *Gallego 1* (ILG 1971) e das *Bases* (USC 1977), que permiten contrastar propostas de codificación do galego nos pasados anos 70. Engádense as correspondentes da normativa ILG-RAG (1982).

### 2.1.1. Morfoloxía nominal e pronominal

Neste cadro 1 poden verse as solucións relativas á terminación -ANU / -ANA, ó plural dos nomes en *-n*, a formas dos pronomes persoais tónicas e ó neutro do demostrativo, así como algúns numerais.

| Carballo Calero<br>(1970 <sup>3</sup> , 1974 <sup>4</sup> )   | <i>Gallego 1</i><br>(ILG 1971)   | <i>Bases</i><br>(USC 1977)   | <i>Normas</i><br>(ILG-RAG 1982)  |
|---|--|--|--|
| <i>irmán / irmá</i>   | <i>irmán / irmá</i>  | <i>irmán / irmá</i>  | <i>irmán / irmá</i>  |
| <i>can, cans</i>  | <i>can, cans</i>   | <i>can, cans</i>   | <i>can, cans</i>   |
| 1970 <i>mantel, mantés</i><br><i>baúl, baús</i><br>1974 <i>animal, -ais</i><br><i>papel, papeis</i> | <i>candil, candíles</i><br><i>animal, animales</i><br>(exc.: <i>cadriñ, cadriñs</i> ;<br><i>real, reás</i> ,<br><i>adral, adrais</i> ) | <i>animal, -ais</i><br><i>papel, papeis</i><br><i>civil, civís</i><br><i>español, españois</i><br><i>azul, azuis</i> | <i>animal, -ais</i><br><i>papel, papeis</i><br><i>civil, civís</i><br><i>español, españois</i><br><i>azul, azuis</i> |
| Pronome suxeito <i>tí</i>   | <i>tí</i>  | <i>tí</i>  | <i>tí</i>  |
| Pronome suxeito <i>nós</i>  | <i>nós</i>   | <i>nosoutros, nós</i>  | <i>nós, nosoutros</i>  |
| Pronome suxeito <i>vós</i>  | <i>vós</i>   | <i>vosoutros, vós</i>  | <i>vós, vosoutros</i>  |
| Demostrativo <i>esto</i>  | <i>esto</i>  | <i>isto (esto)</i>   | <i>isto (esto)</i>   |
| Cardinal <i>dazaseis</i> ,<br><i>dazasete</i>   | <i>dazaseis</i><br><i>dazasete</i>   | <i>dezaseis</i><br><i>dezasete</i>   | <i>dezaseis</i><br><i>dezasete</i>   |

Cadro 1. Morfoloxía nominal, pronomes e numerais.

O plural *cans* do galego occidental e o pronome suxeito *tí* occidental (e parcialmente central) das *Bases* eran as solucións da gramática de Carballo e do manual do ILG, como tamén o era o paradigma *-án* masc. / *-á* fem. (*irmán, verán* / *irmá, mazá*). Neste caso trátase dunha creación literaria coa terminación masculina das falas occidentais (a forma feminina ten a mesma

terminación nestas falas) e coa solución feminina propia do galego centro-oriental, onde se distingue masc. *irmao* de fem. *irmá* (cf. port. *irmão / irmã*). O plural *animais* das *Bases*, propio dalgunhas falas orientais, corresponde á edición de 1974 da gramática de Carballo (e ás normas da RAG de 1971).

O pronome suxeito *nós* e *vós* de Carballo e do método do ILG acompañábase nas *Bases* coas formas *nosoutros* e *vosoutros*, que no material do *AL-Ga* se rexistraran como suxeito nunha extensa área que comprendía a metade norte da provincia de Lugo, norte da Coruña e galego de Asturias<sup>4</sup>.

No paradigma dos demostrativos a forma neutra *esto* de Carballo e do método do ILG secundarizouse nas *Bases* a favor de *isto*, minoritaria daquela no galego oral, pois só se rexistrara en dúas áreas sen continuidade xeográfica: o nordeste da Coruña e a zona centro-meridional de Pontevedra.

Na fala viva tiñan forte presenza os cardinais *dazaseis*, *dazasete*... de Carballo e do método do ILG e as formas *dezaseis*, *dezasete*... Nas *Bases* preferíronse estas variantes porque conservaban de xeito claro o vencello con *dez*.

### 2.2.2. Morfoloxía verbal

Nas propostas do cadro 1 as solucións das *Normas* do ILG-RAG (1982) seguen as das *Bases*, coa única diferenza na posición de *nós* e *vós*, que preceden as formas concorrentes *nosoutros* e *vosoutros*. Porén, tal como se pode apreciar no cadro 2, na morfoloxía verbal hai máis diferenzas entre as propostas de 1977 e 1982, especialmente no radical de verbos irregulares.

O morfema de número e persoa *-des* (*cantades*) e a vogal temática *i* da P2 dos pretéritos fracos (*colliches*) das *Bases* eran as solucións da gramática de Carballo e do manual do ILG. A forma *cantades* (mapa 1)<sup>5</sup> rexistrábase na maioría do dominio lingüístico como única solución, aínda que tiña como concorrentes a literaria *cantás* en falas do occidente da Coruña, *cantais* no galego oriental e *cantandes* nalgunhas falas meridionais.

Na P4 e P5 do copretérito, antepretérito e pospretérito e no pretérito subxuntivo nas *Bases* propúxose a acentuación paroxítona etimolóxica en todas as conxugacións (*andabamos*, *-abades*; *andaramos*, *-ades*; *andariam*, *-ades*; *andasemos*, *-edes*; *colliamos*, *-iades*...), solución propia das falas centro-meridionais. A solución xeral das outras falas eran formas proparo-

4. Tamén se rexistraba noutros puntos en concorrencia con *nós* e *vós*, aínda que *nosoutros* e *vosoutros* eran formas propias de xente maior, ás veces usadas como plurais exclusivos fronte ós inclusivos *nós* e *vós* (Fernández Rei 1990: 75).

5. Os mapas a que se irá facendo referencia figuran como anexo nas páxinas finais deste traballo.

| Carballo Calero<br>(1970 <sup>3</sup> , 1974 <sup>4</sup> ) | <i>Gallego 1</i><br>(ILG 1971)                    | <i>Bases</i><br>(USC 1977)                          | <i>Normas</i><br>(ILG-RAG 1982)                     |
|---|---|---|---|
| MNP [canta]des  | [canta]des  | [canta]des  | [canta]des  |
| Acentuación P4, P5  |   |   |   |
| -ábamos, -íamos<br>-áramos<br>-aríamos<br>-ásemos           | -abamos, -iamos<br>-áramos<br>-aríamos<br>-ásemos | -abamos, -iamos<br>-aramos<br>-ariamamos<br>-asemos | -abamos, -iamos<br>-aramos<br>-ariamamos<br>-asemos |
| MNP Pretérito   |   |   |   |
| P2 -ches<br>P5 -chedes                                      | -ches<br>-chedes                                  | -che(s)<br>-stes                                    | -ches<br>-stes                                      |
| VT P2 Pretérito   |   |   |   |
| [coll]iches   | [coll]iches                                       | [coll]iche(s)                                       | [coll]iches   |
| Radical Pret. de 'andar'                                    |   |   |   |
| andi[en, -era]  | andi[en, -era]                                    | and[ei, -ara]                                       | and[ei, -ara]                                       |
| Radical Pret. de 'caber' e 'saber'                          |   |   |   |
| coupl[en, -era]<br>soupl[en, -era]                          | coub[en, -era]<br>soupl[en, -era]                 | coub[en, -era]<br>soub[en, -era]                    | coub[en, -era]<br>soub[en, -era]                    |
| Inf. <i>decir</i>   | <i>decir</i>                                      | <i>decir / dicer</i>                                | <i>dicir</i>  |
| Copretérito de 'ir'   |   |   |   |
| <i>ía</i>   | <i>iba</i>  | <i>ía</i>   | <i>ía</i>   |
| P2 Pret. de 'ir' e 'ser'                                    |   |   |   |
| <i>foches</i>   | <i>foches</i>                                     | <i>fuche(s)</i>                                     | <i>fuches</i>                                       |
| Inf. <i>ouvir</i>   | <i>oír</i>  | <i>oír / ouvir</i>                                  | <i>oír</i>  |
| Pr. Ind. <i>oio</i><br><i>ouvimos</i>                       | <i>oio</i><br><i>oímos</i>                        | <i>oio / ouzo</i><br><i>oímos / ouvimos</i>         | <i>oio</i><br><i>oímos</i>                          |
| Pr. Subx. <i>oia</i>  | <i>oia</i>  | <i>oia / ouza</i>                                   | <i>oia</i>  |
| Pr. Subx. de 'ser'  |   |   |   |
| <i>sexa</i>   | <i>sexa</i>                                       | <i>sexa</i>   | <i>sexa</i>   |
| Pr. Ind. de 'ter'   |   |   |   |
| P5 <i>tedes</i><br>P6 <i>teñen</i>                          | <i>tedes</i><br><i>teñen</i>                      | <i>tedes / tendes</i><br><i>ten / teñen</i>         | <i>tendes / tedes</i><br><i>teñen</i>               |
| P1 Pret. de 'vir'   |   |   |   |
| <i>viñen</i>  | <i>vin</i>  | <i>vin</i>  | <i>vin</i>  |

Cadro 2. Morfoloxía verbal

xítonas, con desprazamento acentual (*cantábamos*, *-ábades... collíamos*, *-íades...*), como en castelán e portugués, que era a proposta da gramática de Carballo. No manual do ILG propoñíanse formas paroxítonas no copretérito

(*cantabamos, colliamos*) e proparoxítonas nos restantes tempos (*cantáramos, -aríamos, -ásemos...*). Na reforma do 2003 só cambiou a acentuación do pretérito de subxuntivo, que pasou a ser *andásemos, -ásedes, collésemos, -ésedes...*

Na P2 do pretérito nas *Bases* propuxérase *-che(s)*, porque reflectía mellor a oralidade; pero nas *Normas* de 1982 a proposta foi só *-ches*, porque demográfica e literariamente era a maioritaria e porque na área de *-che (colliche...)* a éncise dos pronomes de terceira persoa non era, normalmente, a esperada (*collicheo* ou *collichio*), senón a que supón unha forma verbal rematada en *-s (collichelo)*.

Nas *Bases* propúxose o morfema de número e persoa *-stes* (mapa 2) na P5 do pretérito (*andastes, collestes*) por ser maioritaria no galego oral. Ese morfema en realidade é unha amálgama que expresa tamén o modo e o tempo verbal. Non se aceptou a solución hipercaracterizada *-chedes (cantáchedes, colléchedes)* de Carballo e do ILG, que contaba con tradición literaria, por tratarse dunha terminación minoritaria que se rexistraba sobre todo en falas occidentais e centro-meridionais.

A forma *colliche(s)* de Carballo e do ILG, con vogal temática *i* na P2 dos pretéritos fracos da segunda conxugación, era basicamente centro-oriental, pois no galego occidental o propio era *colleche(s)* ou *colleste(s)*, coa vogal analóxica *e* propia desa conxugación. A proposta das *Bases* foi tamén a solución conservadora.

Polo que respecta ás formas dos verbos irregulares do cadro 2 as escollas das *Bases* obedecen a diversos criterios. No caso de *fuche(s)* (pret. de 'ir' e 'ser') e *vin* (pret. de 'vir') preferíronse solucións conservadoras, con considerable extensión, e non as innovadoras *foches* da gramática de Carballo e do manual do ILG e *viñen* de Carballo. A forma *fuche(s)*, con vogal radical etimolóxica, era a solución centro-oriental fronte á occidental *focbe(s)* e *foste(s)*, mentres que *viñen*, co radical analóxico propio do tema de pretérito (*viñemos... viñera... viñese...*), rexistrábase espallado por todo o dominio galego, formando unha área compacta no centro e sur de Lugo e no norte de Ourense.

Ás veces a procura de harmonización do galego estándar co portugués moderno fixo que nas *Bases* se escollesen formas moi minoritarias xeograficamente, como o imperfecto *ía*<sup>6</sup> de 'ir' e o subxuntivo *sexa* de 'ser', ou ben formas relativamente minoritarias, como os radicais de perfecto *and*<sup>7</sup> de 'an-

6. A forma xeral era *iba*, mentres que *ía* era propia de falas do suroeste de Ourense e de falas pontevedresas meridionais (Salnés, Morrazo...).

dar', *coub*-<sup>8</sup> de 'caber' e *soub*-<sup>9</sup> de 'saber'. No caso do dobrete *oír* (e *oio*, *oes*, *oe*, *oímos*.. *oia*...)/ *ouvir* (e *ouzo*, *ouves*, *ouve*, *ouvimos*... *ouza*...)<sup>10</sup>, esta segunda era a solución que harmonizaba co portugués. Na reforma do 2003 volveuse á dobre solución das *Bases* de 1977.

No presente de indicativo de 'ter' propúxose o dobrete *tedes* / *tendes* porque había unha clara repartición xeográfica das dúas formas; e o mesmo no caso da P6 *ten* / *teñen*<sup>11</sup>. Na normativa ILG-RAG 1982 mantívose o primeiro dobrete (*tendes* / *tedes*), pero non o segundo, pois eliminouse a forma conservadora *ten* de plural para evitar o sincretismo coa P3 *ten*.

No caso de 'dicir' Carballo e o ILG no seu manual propoñían *decir*, posible préstamo do castelán. Nas *Bases* a esta solución, moi documentada no galego oral, engadíuselle *dicer*, que é o *dizer* do galego antigo (e do portugués moderno), pero é forma morta no galego oral onde non existen infinitivos en *-er* con vogal radical *i*. Na normativa ILG-RAG 82 preferiuse *dicir*, por ser forma viva amplamente representada na fala e non sospeitosa de préstamo. No suroeste de Ourense e en falas occidentais da Coruña seguía (e segue) viva a forma *decer*, que ben podería ser a estándar, porque é solución inequivocamente galega, mentres que *dicir* se cadra é resultado de harmonización vocálica a partir do préstamo *decir*.

7. As formas *andei*, *andara*, *andase* rexistrábanse esporadicamente por todo o dominio lingüístico, sobre todo en zonas conservadoras como o occidente da Coruña e a Limia Baixa ourensá (Fernández Rei 1990: 92).
8. O radical de *couben*, *coubera*... formaba unha área compacta na maior parte da Coruña e outra nas Portelas de Zamora, pero tamén se rexistraba en puntos soltos no resto do dominio lingüístico. O radical *coup-* era maioritario no galego de Lugo, mentres que nas falas occidentais de Pontevedra se anotara *cup-* e mais o radical analóxico *cab-*. No galego de Ourense anotáranse os radicais *coub-*, *coup-* e *cup-*, xunto con *caib-* no suroeste ourensán (Fernández Rei 1990: 92).
9. O radical de *souben*, *soubera*... formaba áreas compactas no nordeste e occidente da Coruña, no sueste de Pontevedra, no suroeste de Ourense e no galego estremeiro, mentres que *soup-* era radical de uso xeral nas restantes falas galegas, agás no occidente e sur de Pontevedra cunha área compacta co radical castelanizado *sup-* (Fernández Rei 1990: 99).
10. A forma maioritaria no galego oral era *oír*, mentres que *ouvir* (e *ouvo*, *ouvimos*, *ouva*...) era propia do sur de Ourense, das Portelas de Zamora e de falas do sur de Pontevedra. As formas *ouso*, *ouza*... *ouzo*, *ouza*... eran propias do occidente da Coruña e dalgúns falas pontevedresas, onde o infinitivo era *oír* ou *ouir* (Fernández Rei 1990: 97).
11. A forma *tendes* de indicativo (e *tende* de imperativo) era propia do occidente da Coruña, de Pontevedra (bardante o nordeste), de Ourense (bardante falas na estrema con Lugo) e Zamora, mentres que *tedes* (e imperativo *tede*) era o común nas demais falas. Na P6 a forma do galego oriental era *tein*, mentres que en falas do oeste da Coruña, sur de Pontevedra e Ourense se anotara *ten*, que moitas veces concorria coa analóxica, que era a máis estendida no galego oral (Fernández Rei 1990: 101).

## 2.2. Léxico: o tempo

### 2.2.1. Días da semana

O material do *ALGa* presentaba un sistema de denominacións pagás para os días da semana de luns a venres, con castelanismos xeneralizados como *miércoles*, *jueves*, *viernes* e conservación nalgunha falas orientais dos termos galegos *mércores*, *xoves* e *venres*. Tamén existían mostras do tradicional sistema con *feira*, que se recolleu na proposta das *Bases* (cadro 3) a carón do sistema de formas galegas que o ILG propuxera no seu método de galego.

| <i>Gallego 1</i> (ILG 1971) | <i>Bases</i> (USC 1977)       |
|-----------------------------|-------------------------------|
| <i>luns</i>                 | <i>luns, segunda feira</i>    |
| <i>martes</i>               | <i>martes, terza feira</i>    |
| <i>mércores</i>             | <i>mércores, cuarta feira</i> |
| <i>xoves</i>                | <i>xoves, quinta feira</i>    |
| <i>venres</i>               | <i>venres, sexta feira</i>    |
| <i>sábado</i>               | <i>sábado</i>                 |
| <i>domingo</i>              | <i>domingo</i>                |

Cadro 3. Días da semana

No que respecta ás designacións pagás, para o día posterior a domingo rexistrárase a oriental *luís* (e variante *lluís*), a central *lus* e a occidental *luns*, que se adoptou como estándar. Cando se recolleu o material do *ALGa* o castelanismo *lunes* era xeral en falas orientais e en moitos puntos das centrais, non sendo descoñecido do galego occidental.

Para o cuarto día da semana a forma xeral recollida no *ALGa* era o castelanismo *miércoles*, con algunha mostra da patrimonial (e actual estándar) *mércores* no leste de Lugo e no Bierzo (mapa 3). En puntos espallados de Lugo, nalgún do Eo-Navia e da área fisterrá rexistrárase *mércoles*, que podería ser, especialmente en puntos orientais, evolución de *mércores*, máis que galeguización da forma castelá.

Para o quinto día da semana a forma estándar *xoves* só se rexistrara na área mindoniense, en puntos de Lugo alleos a esta área e nalgúns do Eo-Navia, mentres que *venres*, termo estándar para o sexto día, era exclusivo do galego oriental, onde formaba unha área que ía da Mariña lucense e asturiana ata o Bierzo (mapa 4). Os castelanismos *jueves* (nalgún punto adaptado foneticamente como *xueves*) e *viernes* eran as formas máis usadas no galego popular, rexistradas por todo o dominio lingüístico. A forma *vernes* anotada en puntos do galego oriental e nalgúns occidentais, como no caso de *mér-*

*coles*, podería ser evolución de *venres* máis que adaptación do castelanismo, especialmente na conservadora zona oriental (Fernández Rei 2002: 162-166).

As formas con *feira* permitían harmonizar co portugués. Porén, cómpre sinalar que no dominio portugués de luns a venres as formas comúns son con *feira*, rexistrándose como variantes libres *segunda feira* ou *segunda, terça feira* ou *terça...* mentres que en galego o sistema cristián de feiras era xa un sistema incompleto, lembrado na década de 1970 pola xente maior máis que usado, e especialmente nos casos da *corta* (e variantes *cuarta* ou *carta*) e *quinta* feiras. Rexistráranse nalgún punto da Terra Chá, pero sobre todo no occidente de Ourense e en localidades das dioceses de Santiago e Tui-Vigo, como se ve nos mapas 3 e 4.

### 2.2.2. Meses do ano

Os primeiros meses do ano tiñan como formas estendidas por todo o territorio *xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio*. No primeiro mes rexistráranse variantes como *xeneiro* e *xineiro*, no Eo-Navia; e no segundo mes recolléranse diversas variantes fonéticas, entre as que salientaba *frebeiro* (posible cruzamento con *freba*), con considerable extensión. No terceiro mes só nun punto se anotou *marzal*, en concorrencia con *marzo*. Ese adxectivo, que aparece en refráns, daquela usábase no galego escrito por diferencialismo.

No sexto mes *san Xoán* (e o castelanismo *san Juan*) era común en todo o dominio lingüístico, moitas veces en concorrencia co castelanismo *junio* (nalgúns puntos *xunio*), ou coas formas galegas *xuio* no leste de Lugo e Eo-Navia e *xuño*, anotado nun punto da Limia Baixa. Por outra parte, nos refráns e frases dos meses *san Xoán* estaba moi documentado<sup>12</sup>.

No sétimo mes era común o uso de *Santiago* no galego occidental e *santa Mariña* na parte oriental de Ourense e zonas de Lugo e do Bierzo. En zonas onde o cultivo do trigo tiña importancia rexistrárase *a sega* (centro e norte de Lugo) e *a seitura* (sur de Ourense). Todas estas formas podían ser as únicas documentadas, ou ben teren o concorrente castelán *julio*. A forma *xuilín* (e *xulín*) recollérase no leste de Lugo e no Eo-Navia e *xullo* só se anotara nun punto da Limia Baixa.

O termo practicamente xeral para o oitavo mes era *agosto*, que nalgún punto tiña como concorrente *Santa Mariña, (mes da) Nosa Señora* e algunha outra forma.

12. En Aira González / Martínez Baleirón (2002: 363 ss.) poden verse os mapas dos meses de xuño a decembro do ALGa, con comentarios sobre a extensión e a motivación das formas rexistradas.



O noveno mes tiña como forma máis estendida o castelanismo *setiembre*, aínda que espallados por todo o dominio lingüístico se documentara *setembro* e *setembre*. En falas meridionais rexistrárase *san Miguel*.

O décimo mes tiña como forma xeral (e ás veces como única designación) *outono*, agás nas falas máis occidentais e máis orientais, onde se rexistraba o castelanismo *octubre* ou ben o termo *outubre* (mapa 5). O uso de *outono* para designar este mes posiblemente fose motivado pola homofonía entre *outubro* e *outono*, ou ben porque os efectos da estación que segue o verán comezan a notarse de forma máis clara neste mes.

O undécimo mes tiña como formas comúns *Santos* e *san Martiño*, practicamente excluíntes: esta concentrábase na provincia da Coruña, norte de Pontevedra e centro de Lugo, mentres que *Santos* se rexistraba, sobre todo, no galego meridional, no Bierzo, no norte da Coruña e en todo Lugo, agás no centro. En concorrencia con estas formas baseadas no santoral, aparecía o castelanismo *noviembre* en moitos dos puntos do *ALGa*, ou ben as minoritarias *novembre* e *novembro*.

O duodécimo mes tiña como formas populares *Nadal* na Coruña, norte de Pontevedra e occidente de Lugo; *Natal* no galego meridional, sobre todo nas falas ourensás; e *Navidá* (e variantes) anotárase en moi diversos puntos. En moitos puntos esas designacións relixiosas tiñan como concorrente o castelanismo *diciembre*, xunto con varias ocorrencias de *decembre* e unha soa de *decembro*, esta no norte de Ourense.

Como se pode ver no cadro 4, as propostas das *Bases* son as formas denominadas romanas, xulianas ou pagás, que nos casos de *xuño*, *xullo*, *setembro*, *outubro*, *novembro* e *decembro* foran as preferidas para harmonizar co portugués, con independencia de que no galego oral recollido no *ALGa* tivesen moi escasas ocorrencias, ningunha no caso de *outubro*. Para os meses de *xuño*, *xullo*, *novembro* e *decembro* tamén se propuxo unha forma popular (*san Xoán*, *Santiago*, *Santos*, *Nadal*) e para o de outubro a moi popular *outono*.

No método de galego do ILG propoñíanse as formas *setembre*, *outubre*, *novembre* e *decembre*, minoritarias pero máis documentadas cás correspondentes en *-o* da proposta das *Bases*. Como concorrente de *agosto* aparecía *santa Mariña*, que no *ALGa* se rexistrara nalgún punto do norte e oriente de Lugo para o oitavo mes; e *novembro* presentaba as dúas formas do santoral tan estendidas no galego popular.

| <i>Galego 1 (ILG 1971)</i>           | <i>Bases (USC 1977)</i> |
|--------------------------------------|-------------------------|
| <i>xaneiro</i>                       | <i>xaneiro</i>          |
| <i>febreiro</i>                      | <i>febreiro</i>         |
| <i>marzo</i>                         | <i>marzo</i>            |
| <i>abril</i>                         | <i>abril</i>            |
| <i>maio</i>                          | <i>maio</i>             |
| <i>xuño, san Xoán</i>                | <i>xuño, san Xoán</i>   |
| <i>xullo, Santiago</i>               | <i>xullo, Santiago</i>  |
| <i>agosto, santa Mariña</i>          | <i>agosto</i>           |
| <i>setembre</i>                      | <i>setembro</i>         |
| <i>outubre</i>                       | <i>outubro, outono</i>  |
| <i>novembre, Santos, san Martiño</i> | <i>novembro, Santos</i> |
| <i>decembre, Nadal</i>               | <i>decembro, Nadal</i>  |

Cadro 4. Meses do ano

## 2.2.3. As estacións do ano

O termo *primavera* era xeral en todo o dominio lingüístico para a estación que está entre o inverno e o verán. A forma *primaveira*, recomendada no método do ILG, rexistrouse en puntos espallados por todo o territorio como única forma ou en concorrencia con *primavera*, sendo esta a habitual nos casos de concorreren. A estación máis calorosa do ano no hemisferio norte designábase con *uran* no galego occidental e *vrao* no galego centro-oriental, con variantes como *vra* na zona de Ferrol. E a estación máis fría e chuviosa do hemisferio norte tiña como forma común *inverno*<sup>14</sup>.

| <i>Galego 1 (ILG 1971)</i> | <i>Bases (USC 1977)</i>   |
|----------------------------|---------------------------|
| <i>primaveira</i>          | <i>primavera</i>          |
| <i>uran</i>                | <i>uran</i> <sup>13</sup> |
| <i>outono</i>              | <i>outono</i>             |
| <i>inverno</i>             | <i>inverno</i>            |

Cadro 5. Estacións do ano

Polo que respecta á estación que segue ó verán, nos puntos do litoral costeiro e zona próxima, así como nos puntos arraianos con Portugal o xeral

13. Na normativa ILG RAG (1982) esta estación pasou a ser *verán*, no canto da forma sincopada *uran*, que era o xeral no galego occidental.

14. Para a 'primavera', 'verán' e 'inverno' vid. *ALGa* (2003: mapas 121, 122 e 124).

era o emprego do castelanismo *otoño* para a estación e o da forma *octubre* (e variante *outubre*) para o décimo mes do ano; e caso de conservarse *outono* neses puntos designaba a herba que se sega verde. No resto do dominio galego o xeral era o uso da forma *outono* para a estación, pero tamén en moitos puntos para o mes de outubro, tal como xa se indicou. De concorreren *outono* e *otoño* para a estación, o termo máis frecuente era o castelanismo.

Na zona centro-oriental do dominio lingüístico galego onde *outono* designa a estación, en doce puntos recolleuse a perífrase *primavera de outono* como única forma para a estación, en once puntos anotouse a perífrase en concorrencia con *outono* e nun punto recolleuse *segunda primaveira* xunto co castelanismo *otoño* (mapa 6). Polo que respecta á duración cronolóxica desta *primavera de outono* hai diverxencias no material recollido para o *ALGa*, pero podería dicirse que de xeito moi xeral vai da vendima á castañeira (Fernández Rei 2002: 169-173).

### 3. ESTADO DO MATERIAL DO *ALGa*

Publicáronse nos anos 90 os volumes de morfoloxía verbal, morfoloxía non verbal e fonética, e no 2003 e 2005 comezaron a editarse os volumes léxicos, que xunto con tres novos volumes en preparación e outros tres máis programados constituirán unha excelente achega para redactores de dicionarios e de obras lexicográficas, á parte do seu inmenso valor como tesouro dialectal e como mostra do que era a imaxe da lingua galega a mediados da década de 1970.

#### 3.1. *Volume I: Morfoloxía verbal (1990)*

Ocupeime da súa coordinación. Redactouse a partir dos mapas que presentara como anexo á miña tese de doutoramento en 1979. Son 428 mapas de morfoloxía verbal, en dous tomos: un dedicado ós verbos regulares e outro ós irregulares propiamente ditos, os que teñen diferente tema de presente e de pretérito. Tamén ten un mapa de seseo e un da gheada.

Ademais do material dos 167 puntos da rede do *ALGa*, hai moitos puntos secundarios, marcados con letras minúsculas correlativas despois da clave do punto do *ALGa* máis próximo, que axudan a facer máis fita a rede e trazar con maior precisión algunhas isoglosas. Son datos recollidos polos investigadores do *ALGa* co mesmo método có material primario, case sempre durante a realización das enquisas.

A confección deste tomo foi totalmente artesanal. Nos mapas trazáronse á man as isoglosas, puxéronse os signos que permiten identificar as formas da lenda e escribíronse os signos convencionais que poden acompañar algúns puntos e tamén os puntos secundarios. A mediados dos 80 practicamente estaba preparado para a imprenta, daquela non había aínda ordenadores no ILG, que chegaron alá polo 87 ou 88 cando xa se andaba coa redacción dos índices e da introdución.

Dos 430 mapas, 88 son de media lámina, son mapas sinxelos con poucas respostas. A maioría son de lámina completa, que se usan sobre todo cando se rexistraron moitas variantes. Formalmente hai tres tipos de mapas de lámina completa:

- a) 38 mapas son do tipo *cantades* (mapa 1) con isoglosas e signos, nos que figura en transcrición fonética a forma máis común dentro de cada área verbal (*cantás, cantades, cantais, cantandes*), así como os signos correspondentes ás variedades discordantes.
- b) 74 mapas teñen signos na totalidade dos puntos enquisados, nalgúns deles, pola especial complexidade usáronse signos de cores diferentes. Debido ó seu interese morfolóxico, algún mapa complexo desglosouse en varios sinxelos de media lámina para mostrar a distribución xeográfica dalgúns dos constituíntes. Foi o caso de *cantabades*, cun mapa para a distribución do acento e outro para o morfema de número e persoa; ou o de *colliches*, que se acompañou dun mapa da vogal temática, outro da terminación *-che/ste-* e un terceiro con *-s* ou ausencia.
- c) Os restantes son do tipo *fixestes* (mapa 7). No centro figura en transcrición fonética a forma verbal máis estendida, que moitas veces corresponde á forma estándar, e signos nos puntos onde non se rexistrou esa forma maioritaria, ou ben anotouse pero acompañada dalgunha variante. Nos puntos sen signos enténdese que a forma rexistrada é a que figura no centro do mapa.

Neste complexo mapa a cada cor correspóndelle un mesmo radical: negro para *fix-* e formas despalatalizadas; vermello para *fig-* e formas con gheada, do galego ourensán; azul para *fic-*, *fid-* do galego oriental; e verde para o radical de presente usado no tema de pretérito, como *fac-estes, fa-estes, fe-stes...* en falas galegas de Asturias.

Os mapas do volume 1 acompañanse de máis de 4.000 notas, unhas para indicar a diversa procedencia do propio material (da enquisa, dos etno-textos do atlas...), pero moitas son material bibliográfico, porque nos tres primeiros volúmenes do *ALGa* non se renunciou a poñer en nota datos de

procedencia bibliográfica, cando se considerou que era información de moito interese, ben porque ratificaba a corrección de solucións pouco frecuentes ou sorprendentes, ben porque completaba os datos das enquisas do *AL-Ga* con solucións que doutro xeito quedarían sen registrar. É o caso do morfema de número e persoa *-es* no Valledor (Asturias) en formas como *cantaes* ‘cantades’ ou en *bebaes*, *bebiaes* ‘bebedes’, en concorrencia con *bé-bades*, tamén nese concello eonaviego<sup>15</sup>.

### 3.2. *Volume II: Morfoloxía non verbal (1995)*

Coordinado por Rosario Álvarez Blanco, contén 378 mapas, ordenados de forma similar á que aparece nas gramáticas, tanto na sucesión das diferentes partes como na estruturación interna de cada unha delas.

A ordenación comeza cos mapas de morfoloxía nominal, presentando contiguas as formas do substantivo e as do adxectivo relacionadas pola mesma característica morfolóxica, para que sexan doadamente visibles as semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre ambas. A seguir veñen os mapas dos pronomes dedicados ó pronome persoal, persoa por persoa, combinando formas tónicas rectas e oblicuas con formas átonas, con inclusións dalgúns mapas sobre uso e posición.

Seguen os determinantes. Primeiro as formas do artigo determinado e o indeterminado, coas respectivas contraccións; tras eles, os demostrativos, os posesivos, os indefinidos e cuantificadores, e os numerais. A relación de mapas conclúe cos dedicados ós adverbios e ós nexos, ordenados estes por preposicións, relativos e conxuncións. Os nomes dos mapas coinciden coa forma estándar ou coa máis representativa das variantes do mapa.

Procurouse que cada mapa contivese unicamente un fenómeno, o que levou nalgúns casos a distribuír a información morfolóxica en mapas diferentes, como ocorreu no caso de *maceira*, cun mapa para o sufixo: *-eira*, *-eiro*, *-aira*, *-airo*, *-era*, *-ira* (mapa 8); outro para o xénero: *maceira*, *maceiro* (mapa 9); e un terceiro para o radical: *maceira*, *mazanceira*, *maciñeira*, etc. (mapa 10).

15. Trátase de obras que en certo modo son contemporáneas dos traballos de campo do *ALGa*, aínda que a recollida de datos base das obras non se realizase necesariamente no período do traballo de campo. En todo caso, son obras de solvencia científica recoñecida, con frecuencia memorias de licenciatura ou teses de doutoramento, case sempre inéditas, realizadas no noso ámbito científico e das que temos coñecemento abondo para confiar no rigor do método e na fiabilidade dos datos.

Este material en ningún dos tres volumes se recolle na lenda nin ten representación por medio de símbolo no mapa, no que soamente figura, a carón do punto primario ou secundario máis próximo, o signo que sinala a existencia dunha nota con información complementaria.

Este volume realizouse de xeito semi-artesanal: os mapas fixéronse con ordenador, pero pegando manualmente cada símbolo.

### 3.3. *Volume III: Fonética (1999)*

Coordinado por Manuel González, nos seus 423 mapas preténdese dar conta da variabilidade interna que presenta a fonética galega no momento actual.

Na elaboración dos mapas procurouse que cada fenómeno fonético fose tratado individualmente, sen interferencia doutras peculiaridades fonéticas. Intentouse seguir o criterio da correspondencia un fenómeno = un mapa, pero ás veces resulta arbitraria e artificial a separación de dous fenómenos que se inflúen mutuamente, polo que en ocasións se dá conta nun mapa de dous fenómenos fonéticos a un tempo.

É o caso de GINGÍVA (mapa 11), que vale teoricamente para estudar tanto a evolución do G- inicial seguido de vogal palatal como a do G en posición forte interior de palabra seguido igualmente de palatal; pero á vista dos resultados apréciase que existen solucións que só se explican por un xogo de disimilacións entre ambos. Isto levou a tratar conxuntamente, nesta palabra, a evolución do G nas dúas posicións, pois doutro xeito non se percibiría cales son os factores que determinan certas evolucións.

Os títulos dos mapas constan sempre de dúas partes. Na primeira trátase de definir coa maior precisión posible o fenómeno que se estuda; e na segunda infórmase sobre a palabra (ou palabras) que se tomaron como base para o estudo dese fenómeno, con indicación do seu étimo, cando é pertinente, e o resultado no galego común.

Na ordenación do volume figuran primeiro os mapas de fonética supra-segmental (o acento é o único trazo a que se atendeu nas enquisas), vocalismo e consonantismo, onde se atendeu á evolución das semiconsoantes do latín vulgar J e W; a evolución das consonantes latinas (oclusivas xordas, oclusivas sonoras, fricativas, nasais e laterais); grupos consonánticos; e casos de metátese consonántica.

O volume III foi o primeiro no que todos os mapas se realizaron por medio de ordenador, de maneira totalmente informatizada, para o que se empregou unha base de datos e un programa cartográfico. O deseño da base de datos realizouse en Access de Microsoft, onde se introduciron todos os datos contidos no volume debidamente organizados segundo a estruturación feita previamente<sup>16</sup>.

16 O programa cartográfico utilizado foi MapInfo, que permite definir mediante a asignación das coordenadas correspondentes unha rede de puntos que actúan como mapa de base. O progra-

### 3.4. Volume. IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico (2003)

Coordinei este volume, no que Xulio Sousa configurou o sistema informático, actualizou os programas e desenvolveu as diversas aplicacións informáticas<sup>17</sup>.

Son 274 mapas ordenados cun criterio subxectivo, fundamentado en principios semánticos e que carece de fronteiras precisas. Comeza coa cronoloxía do día (o devir e as partes do día), seguen os astros e o tempo meteorolóxico, que é a parte máis grosa do volume e a máis complexa, con mapas sobre os fenómenos que teñen lugar na atmosfera, os estados térmicos que provocan e as valoracións subxectivas que producen nos individuos. Logo vén o tempo cronolóxico, con mapas sobre as unidades de tempo e a súa segmentación: o ano (estacións e meses), a semana (os días) e as horas, ademais de adverbios de tempo e expresión que se refire ó paso do tempo. Féchase co reloxo (tipos e partes).

A maioría dos mapas, igual que nos volumes anteriores (e nos seguintes) obedece ó criterio cuestión única = mapa único, como no caso de *tarde, serán* (mapa 12) ou ben cuestión única = varios mapas, que resolven a dificultade de visualizar unha enorme cantidade de formas, referidas ó mesmo contido, nunha carta.

Ademais, redactáronse seis mapas de síntese como resumo doutros mapas, para evitar que a multiplicidade de formas fixese perder de vista o posible agrupamento xeográfico das familias. Un deles é o de *orballo* 'chuvia miudiña e compacta' (mapa 13) no que resume a información léxica de catro mapas (69a, 69b, 69c, 69d) do vol. IV para poder ver as áreas léxicas de *orballo*, *barruzo*, *babuxa*, *barbaña* / *marmaña*, *zarzallo*, *chuwisca*, *mohura*, *mera* e *poalla*. A riqueza de variantes neste concepto é inmensa. Na lenda figuran, entre parénteses, moitas desas variantes, que nalgún caso é máis que unha simple variante (por ex., no caso de *cerzo* respecto de *zarzallo*).

Tamén se redactaron catro mapas de significados, que recollen as diferentes acepcións dunha voz léxica. Un deles é o de *serán* (mapa 14): nos dicionarios a acepción primeira de *serán* é "parte do día que vai desde que co-

ma permite adscribir automaticamente a resposta correspondente a cada punto, ou ben asignar un símbolo distinto a cada clase de respostas distintas. Os símbolos atribúeos segundo unha orde preestablecida do propio programa, pero estes poden ser cambiados polo usuario segundo as súas propias necesidades ou os seus gustos. Foi o primeiro volume do *ALGA* que se fixo con este sistema.

17. Igual que no vol. III (e nos seguintes) os mapas fixéronse con ordenador totalmente. A base de datos deseñouse en Access 2000 de Microsoft e usouse o programa cartográfico MapInfo Professional 6.0.9.

meza a pórse o sol ata que se fai de noite”, que se rexistrou moi espallada nuns cantos puntos, ben como atardecer, ben como anoitecida. En localidades da Galicia meridional *serán* é (ou era hai 30 anos) o “resío, a humidade do aire que co frío da noite se condensa e se deposita en pingas pequenas”; e tamén nesa Galicia meridional *serán* era unha reunión de xente (para fiar ou non) que remataba con cantigas e bailes<sup>18</sup>.

### 3.5. Volume V: Léxico. O ser humano (I) (2005)

Coordinado por Rosario Álvarez Blanco, Francisco Dubert García e Xulio César Sousa Fernández, que tamén se ocupou da configuración informática e do deseño da base de datos. Son 300 mapas con conceptos referidos á expresión da dimensión física do ser humano.

Na ordenación dos mapas, ábrese a serie cos que teñen información sobre as partes do corpo, logo vén a serie sobre características atribuídas ó ser humano polo seu físico, seguen os mapas de denominacións de doenzas e malformacións físicas e, finalmente, están os mapas relativos a accións e sensacións, agrupados por similitudes semánticas.

As formas da lenda agrúpanse, sobre todo, por tipos léxicos, en columnas con cores diferenciadas, que agrupan tanto formas debidas a procesos de mudanza fónica, como no mapa de *voz*, como a procesos de formación de palabras. Isto pode verse nos termos para *queixo* (mapa 15), pois debaixo de *queixo* aparece o derivado *queixelo*; debaixo de *barba*, figura *barbela*, *barbadelo* e outros derivados; e con *papo* aparece, *papirote* e *parparigote*.

Na lenda de *dentada* (mapa 16) nas tres primeiras columnas a información agrúpase con derivados de *dente*, *morder* e *trabar*. A cuarta columna ten derivados de *chantar*, *boca* e *trincar*, e remata a columna cun símbolo seguido de “outras respostas”, que só aparece nalgúns mapas. Ese símbolo reservouse para os casos en que se obtivo unha ou dúas mostras dunha resposta tipo que, ademais, non forma serie con ningunha das outras voces da lenda. Neste mapa son as formas *roída*, *chevallada* e *roedura* as que non figuran na lenda.

18. Esta última acepción, moi viva aínda hoxe na Terra de Montes e sobre todo no Condado, na Paradanta e noutras zonas do sur de Pontevedra vaise espallando con forza para designar reunións tradicionais de músicos, cada vez máis de moda. Os tradicionais *seráns* celebrábanse nos días de inverno, pero agora prolónganse todo o verán. É un termo que xa se usa en vilas da ría da Arousa (Cambados, A Illa...), porque os *seráns* do sur de Pontevedra hai uns anos que chegaron ó Salnés. Tamén a Compostela, pois os *seráns* da Sala Nasa teñen un bo éxito, aínda que se trate dun tipo diferente dos *seráns* do sur de Pontevedra.



Todos os mapas se acompañan dun corpo de notas de distinto tipo e importancia, que ocupa a parte inferior da páxina da dereita. O equipo redactor fixo un inmenso esforzo de precisión e de organización, co obxectivo de lle ofrecer ó lector unha información rica pero concisa, e presentada de forma ordenada, de xeito que sempre se saiba a que altura do aparato se pode atopar un certo tipo de información complementaria.

A tipoloxía das notas é a seguinte: 1) procedencia dos datos, 2) outras respostas, 3) realización fonética, 4) información fónica, 5) significado e fraseoloxía; 6) información adicional; 7) información gramatical; 8) variantes diatópicas; e 9) aspectos sociolingüísticos e procesos de cambio.

### 3.6. *Volumes en preparación*

O volume VI será o titulado *Terra. Plantas e árbores*, que me ocupei de coordinar e que moi posiblemente se edite na primavera do 2009. Ten unha primeira parte dedicada á orografía (terreo e accidentes do terreo) e unha segunda sobre plantas e árbores, tanto silvestres como madeirables ou froiteiras co seu froito.

Manuel González coordina a elaboración do volume dedicado á agricultura, con mapas sobre os tipos de terra de cultivo, accións para cultivar, diferentes cultivos, etc. Son moitos os borradores de mapas xa feitos, con complexo cartografado en moitas das cuestións léxicas dese volume.

Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio C. Sousa están a coordinador un novo volume con información sobre a dimensión psicolóxica e social do ser humano. Está totalmente revisado o material da base de datos, polo que se está a proceder á elaboración de borradores dos mapas.

## 4. O ARQUIVO DO GALEGO ORAL

### 4.1. *Estado do Arquivo do Galego Oral*

A orixe do Arquivo está no material oral recollido coas enquisas do *AL-Ga*. Dividido en varios subarquivos, actualmente contén máis de 2.000 horas de gravacións, con voces duns 7.000 informantes rexistradas na maioría dos 315 concellos da Galicia administrativa e tamén en boa parte dos 38 concellos de fala galega de Asturias, León e Zamora<sup>19</sup>.

19. Non faltan mostras dos tres concellos cacereños do Val de Xálima (ou do Ellas) onde se emprega un “falar também essencialmente galego”, segundo definición de Cintra; e hai algunha

De xeito moi aproximado podó dicir que un terzo de todo o material dese Arquivo, se cadra algo máis, está transcrito (só unha parte informatizada) e clasificado por temas; outro terzo está simplemente oído e clasificado tematicamente, mentres que do terzo restante só hai rexistro das gravacións, e aínda non de todas.

Os textos do subarquivo do *ALGa*, que son as mostras orais máis antigas que se conservan no ILG, desde hai anos están todos transcritos, informatizados e concordados e practicamente dispostos para a súa edición. Estase procedendo á redacción dun glosario do léxico.

Nos anos 90 constituíuse un amplo subarquivo de textos orais, mercé á concesión dun proxecto do Ministerio de Educación e Ciencia para a creación no ILG dun Arquivo Dialectal da Lingua Galega e dun proxecto posterior da Xunta de Galicia para poder completar ese arquivo. En 1992 os membros do proxecto realizamos unha planificación do traballo de campo co moi utópico obxectivo de obtermos en tres anos unha mostra da maioría das 3.768 parroquias galegas (á parte de calas no galego estremeiro), con posibles rexistros de varias xeracións dun mesmo lugar. Nese subarquivo, ademais do material obtido por investigadores do ILG, figura moito outro en depósito que lingüistas e non lingüistas recolleron para diversos traballos e que está a dispor dos investigadores.

Aproximadamente un terzo deste inxente material do galego oral da década de 1990 está transcrito e/ou comprobado acusticamente, pero só unha parte das transcripcións se informatizaron. Gravacións deses textos permitiron a finais da década de 1990 redactar vocabularios e tamén o estado de uso e as realizacións da gheada e o seseo nalgunhas parroquias, e o mesmo se fixo con algún outro fenómeno como o rotacismo.

Ese arquivo dos anos 90, aínda que de xeito intermitente, seguiu aumentando neste comezo de milenio, tanto con textos populares como con gravacións cultas, das que se conta cun subarquivo de máis de 100 horas.

Con financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a mediados do ano 2007 procedeuse a inventariar e catalogar todas as gravacións da década de 1990 e comezos do presente milenio. Son unhas 1.200 horas de gravacións, con máis de 4.500 informantes de diversas xeracións, realizadas por case todo o dominio lingüístico galego, con mostras de máis de 2.000 lugares. A provincia de Pontevedra é a mellor representada, cun “varrido” parroquia por parroquia en diversas comarcas, sobre todo centro-meridionais.

gravación da zona do Barroso, en Trás-os-Montes, onde se fala unha variedade portuguesa moi próxima ás arraianas ourensás.

Baixo a supervisión de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida, ese inventariado e catalogación estano a realizar as bolseiras Ana García García e M<sup>a</sup> Xosé García Merino. A parte máis laboriosa é a referente ó establecemento do tema ou temas de cada texto, para o que o equipo do proxecto estableceu 18 bloques temáticos (algúns con moi diferentes subtemas)<sup>20</sup>.

#### 4.2. Edición do material do Arquivo do Galego Oral

Ata o momento tirouse relativamente pouco froito do material do Arquivo. Foi moito o traballo de recolleita, e de moita xente; foi moito o traballo de calada e fatigosa transcripción por parte dos que nos encargamos del, e agora cómpre devolverlle elaborado á sociedade galega ese caudal oral.

Nos anos 90 fixemos unha ampla escolma de textos dos tres bloques lingüísticos que se usou para traballos académicos e que no seu día Antón Santamarina introduciu no TILGa (*Tesouro Informatizado da Lingua Galega*), de igual xeito que incorporou diversas coleccións de textos dos anos 90 do Arquivo do Galego Oral, polo que moito do léxico vivo navega entre o léxico literario e científico do TILGa.

A única publicación que se fixo do material dos diferentes subarquivos do Arquivo foi o audio-libro *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (Fernández Rei / Hermida 1996), edición preparada para o Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, e que esta institución regalou a todos os que participaron no congreso dos 25 anos do ILG en 1996. Nesa obra figuran textos de diversas épocas e diversas xeracións nos que se pode apreciar a variedade dialectal do galego, á vez que se dá unha mostra de cómo somos, de cómo estamos no mundo nós, os galegos. Como dicía Filgueira Valverde no limiar do libro, os textos “teñen non só interese como documento lingüístico senón tamén como testemuños da vida mesma: tráxicos unhas veces, festivos outras, intranscendentes outras, pero sempre engaiolantes”. Recentemente reeditouse coas gravacións en CDs e colgouse en Internet.

As gravacións acompañanse de cadansúa transcripción, onde se procurou un compromiso entre a claridade necesaria para que un non lingüísta poida ler os textos e o rigor preciso para fornecelrle a un lingüísta a maior información fonética e fonolóxica posible. Nas transcripcións tomouse como base a normativa vixente da lingua galega (a elaborada polo ILG e a RAG) cunha

20. En novembro do 2008 había 902 fichas completas de gravacións dese subarquivo, correspondentes a 284 concellos de fala galega.

serie de particularidades relativas á abertura das vogais de grao medio, que se marca cun acento grave, á gheada (aspirada, velar), ó seseo (e sibilantes sonoras da Limia Baixa), etc.

Na selección de textos atendeuse, en primeiro lugar, a criterios esencialmente lingüísticos: buscáronse textos representativos de todas as áreas lingüísticas do galego, combinando diversas idades e xeracións; e en segundo lugar, atendeuse a criterios extralingüísticos, na procura da maior variedade temática posible. E nunha Galicia con tanta costa e tradicionalmente con tan pouco mar na súa cultura, hai unha pequena pero significativa mostra da cultura tradicional mariñeira; e tamén figuran varias mostras do galego falado nas comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora.

Esperamos que no 2009 estean editados os etnotextos do *ALGa*. E unha vez que se catalogou e inventariou todo o material oral dos anos 90 (e comezos deste milenio) estamos xa procedendo a facer unha primeira escolma temática, con atención á distribución do material en áreas lingüísticas, que se irán colocando en internet na web do Instituto da Lingua Galega.

## 5. REMATE

Á hora de analizar a imaxe que do galego fornece o *ALGa* convén ter moi presente que ese material se recolleu hai máis de trinta anos, nun momento en que o idioma estaba ausente dos media e do ensino, con total ausencia de oficialidade. A xente falaba con total naturalidade con castelanismos e con dialectalismos, e era relativamente fácil dar coa persoa informante ideal (ou case) da dialectoloxía tradicional que respondese todo (ou case todo) o cuestionario, porque a cultura tradicional estaba ben viva.

Non había aínda un galego común de referencia xeral, que se foi elaborando nos últimos trinta anos; e nese proceso no relativo á morfoloxía e a escollas léxicas non foi escaso o papel xogado polo material do *ALGa*, como xa se indicou. Daquela había moita variación, posiblemente a mesma que aínda se rexistra hoxe, a pesar da difusión do estándar; pero xa se percibía un proceso que ía eliminando variantes, que a difusión do estándar acabará por ir acantoando. Nos pasados anos 70, por ex., nas áreas do radical conservador *ficen* esta forma tiña xa o concorrente innovador *fixen*, e o mesmo pasaba no caso de *puñera*, que sufría o concorrente de *puxera*, ou con *truera* (e *truiera*), que na xente nova pasaba a ser *truxera* (e hoxe tamén *trouxera* por acción do estándar).

O material do *ALGa* permite ver que a gheada, o fenómeno máis importante da dialectoloxía galega e salientable marcador sociolingüístico, se rexistraba en áreas compactas das dúas provincias atlánticas, na metade surocc-

cidental de Ourense e nunha franxa de Lugo próxima ás provincias da Coruña e de Pontevedra, así como en puntos da Terra Chá e do sudoeste da provincia, non existindo constancia da súa presenza na zona centro-oriental. A realización maioritaria da gheada nos anos 70 era unha aspirada faringal xorda, que mesmo se rexistraba no canto de [x] en castelanismos, especialmente en xente maior. Non obstante nas vilas, especialmente da costa, a realización era fricativa velar xorda, incluso en xente maior.

Polo que respecta ó seseo, segundo o material do *ALGa* o explosivo ou prenuclear (*faser*, *sento*) rexistrábase nas falas da metade occidental da Coruña e nas máis próximas á costa en Pontevedra, con áreas de realización lámino-alveolar (ou predorsal) e apicoalveolar (ou apical). Nas zonas da Coruña de seseo predorsal nos anos 70 podía constatar-se que nalgunhas vilas costeiras o seseo tiña realización apical (Camariñas e Rianxo, por ex.), mentres que nas parroquias do rural veciñas o seseo era predorsal (Camelle no concello de Camariñas, Taragoña ou Asados no de Rianxo). E esa oposición seseo apical (vilego e mariñeiro) fronte a predorsal (rural e labrego) en boa parte segue existindo hoxe. Na provincia de Pontevedra o seseo nos anos 70 anos rexistrábase en puntos próximos á costa, caracterizando moitas veces os falares mariñeiros fronte ós non mariñeiros veciños, como ben se apreciaba (e aínda se aprecia) en concellos do Salnés.

A audición de centos de horas de gravacións dos anos 90 do Arquivo do Galego Oral do ILG permíteme afirmar que actualmente, en liñas xerais, a xeografía de ámbolos fenómenos, especialmente no que atinxe á gheada, se cadra non variou moito respecto dos anos 70, pero si considerablemente o uso xeracional e de xeito especial na xente nova, que non ve eses fenómenos na escola nin nos media. A práctica ausencia de gheada en usos formais fai que haxa xente nova de ambiente gheadófono, especialmente estudante, que non a use, como se aprecia nunha gravación de 1995 do lugar de Vilasuso (na parroquia de Villantime en Arzúa), onde interveñen nunha conversa un neto (estudante universitario de 19 anos) e a súa avoa (de 73 anos). Esta usa sempre a gheada mentres que o neto non o fai nunca.

Verbo da realización actual, en moitos puntos de gheada aspirada faringal a xente nova, cando usa gheada, tende a realizar o /g/ como fricativa velar [x], polo que as realizacións aspiradas van desaparecendo. Nas áreas de seseo predorsal a xente nova cando sesea tende a unha realización apical. E nos medios urbanos a xente neofalante realiza a gheada como fricativa velar [x] e o seseo como fricativa apicoalveolar. A influencia do castelán parece clara nestas novas realización da gheada e do seseo que, como antes se dixo, se rexistran mesmo en xente maior de vilas costeiras (Fernández Rei 2004: 309-311).

A socialización do galego estándar fixo que unha solución moi minoritaria como o plural oriental *animais* hoxe estea plenamente consolidado, de

igual xeito que se foi estendendo o plural *corazóns*, o que non impide que os falantes do galego central sigan dicindo *corazós* e os orientais *corazoís*, mesmo cando falan nos medios de comunicación. Esa socialización fixo que formas léxicas moi minoritarias como *mércores* ou *venres* se espallasen considerablemente facendo recuar os castellanismos correspondentes; e que unha forma minoritaria como a bergantiñá *arume* para designar a folla do piñeiro, que Pondal usou na letra do himno galego, posiblemente tamén sexa coñecida por quen nomea ese concepto con termos como *agulla*, *arxe*, *broza*, *candea*, *caruma*, *churuma*, *faísca*, *frouma*, *fronza*, *gasto*, *gueldo*, *isca*, *louza*, *muíña*, *maraballa*, *palluzo*, *paúlo*, *penica*, *pico*, *picón*, *pruma*, *rama*, *raspa*, *tamo* e tantas outras voces recollidas no seu día para o ALGa.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS


- Aira González, R. & M. Martínez Baleirón (2002): “As denominacións dos meses do ano: perspectiva lexicográfica”, in R. Álvarez; F. Dubert García & X. Sousa Fernández (eds.): *Dialectoloxía e Léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 359-382.
- ALGa (1990): Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I *Morfoloxía verbal*, 2 tomos. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA”. Coordinación de F. Fernández Rei.
- ALGa (1995): Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. II: *Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA”. Coordinación de R. Álvarez Blanco.
- ALGa (1999): Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. III: *Fonética*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA”. Coordinación de M. González González.
- ALGa (2003): Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. IV: *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. [A Coruña]: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA”. Coordinación de F. Fernández Rei.
- ALGa (2005): Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. V: *Léxico. O ser humano (I)*. [A Coruña]: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA”. Coordinación de R. Álvarez Blanco, F. Dubert García e X. C. Sousa Fernández.
- Alonso, D. & V. García Yebra (1959): “El gallego-leonés de Ancares y su interés para la dialectología gallego-portuguesa”, in *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Lisboa, 1957)*, vol. I, 309-339. Reed. con modificacións en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 16/48, 43-79.
- Alonso Pintos, S. (2006a): “A Academia e a regulación do galego escrito. As normas de 1970 e 1971”, *Grial* 171, 50-55.

- Alonso Pintos, S. (2006b): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Biblioteca Filolóxica Galega Instituto da Lingua Galega.
- Carballo Calero, R. (1969): “Sobre os dialectos do galego”, *Grial* 23, 1-15.
- Carballo Calero, R. (1970<sup>3</sup>): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Cortés y Vázquez, L. (1954): *El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora)*. *Toponimia, textos y vocabulario*. Salamanca: Universidad.
- Ebeling, W. (1932): “Die landwirtschaftliche Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien). Sach- und wortkundliche Untersuchungen”, *Volkstum und Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte* 5, 50-151.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, F. (2002): “Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Pardornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral”, in R. Álvarez; F. Dubert García & X. Sousa Fernández (eds.): *Dialectoloxía e Léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 147-192.
- Fernández Rei, F. (2004): “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”, in R. Álvarez Blanco; F. Fernández Rei & A. Santamarina (eds.): *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996 Santiago de Compostela [organizado polo] Instituto da Lingua Galega*, II, 307-336. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Fernández Rei, F. (2007) “A contribución de Alonso Zamora Vicente á dialectoloxía galega”, *Revista de Filología Románica* 24, 13-27.
- Fernández Rei, F. & C. Hermida Gulías (eds.) (2003 [1996]): *A Nosa Fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega [3 CDs + libro]. Desde o 2004 pode consultarse en [www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php](http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php).
- García, C. (1971): “Orixen e problemas do método de galego”, *Grial* 32, 129-141.
- ILG (1971): Instituto de la Lengua Gallega: *Gallego 1*. Santiago de Compostela: Universidad.
- ILG-RAG (1982): Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago de Compostela / A Coruña. Reed. revisada: decembro 2003<sup>18</sup>.
- Krüger, F. (1927): “Die nordwestiberische Volkskultur”, *Wörter und Sachen* 10/45, 45-137. Trad. de E. Lorenzo Criado (1947): *El léxico rural del noro-*


- este ibérico*, *Revista de Filología Española*, anexo 26. Madrid: Instituto Miguel de Cervantes / CSIC.
- Lorenzo Fernández, X. (1934): “As dornas do Porto do Son”, *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 16/126-127, 109-116.
- Otero Álvarez, A. (1952): “Irregularidades verbales del gallego”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 7, 339-405.
- RAG (1971): Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Cruña.
- Risco, V. (1933): “Estudo etnográfico da terra de Melide”, in *Galicia. Terra de Melide*. [Santiago de] Compostela: Seminario de Estudos Galegos, 325-425.
- Santamarina, A. (1982): “Dialectoloxía galega: historia e resultados”, in D. Kremer & R. Lorenzo (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, 153-190.
- Santamarina, A. (dir.) (2003<sup>3</sup>): *Diccionario de diccionarios da lingua galega*. A Coruña: Biblioteca Filolóxica Galega do ILG. Fundación Pedro Barrié de la Maza [libro e CD-Rom].
- Schneider, H. K. (1938): “Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien)”, *Volkstum und Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte* 11/69-145, 193-281.
- Schroeder, W. (1937): “Die Fischerbote von Finisterre”, *Volkstum und Kultur der Romanen. Sprache, Dichtung, Sitte* 10, 157-211.
- Schroeder, W. (1938): “Hausbau en NW-Spanien (Finisterre)”, in *Travaux du Premier Congrès International de Folklore (Paris, 1937)*, Arrault: Tours 62-78.
- USC (1977): *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego. Resume dos seminarios celebrados na Universidade de Santiago de Compostela desde decembro de 1976 a xuño de 1977*. Madrid: Anaya (ed. non venal).
- Zamora Vicente, A. (1951): “Geografía del seseo gallego”, *Filología* 3, 84-95. Reeditado en Zamora Vicente (1986: 1-10).
- Zamora Vicente, A. (1952): “La frontera de la geada”, in *Homenaje a Fritz Krüger*, I, 57-72. Mendoza: Universidad Nacional de Cuyo. Reeditado en Zamora Vicente (1986: 11-25).
- Zamora Vicente, A. (1953): “De geografía dialectal: -ao, -án en gallego”, *Nueva Revista de Filología Hispánica* 7, 73-80. Reeditado en Zamora Vicente (1986: 27-34).
- Zamora Vicente, A. (1963): “Los grupos -uit-, -oit- en gallego moderno: su repartición geográfica”, *Boletim de Filologia* 21, 1/2, 57-68. Reeditado en Zamora Vicente (1986: 35-44).
- Zamora Vicente, A. (1986): *Estudios de dialectología hispánica, Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, anexo 25. Santiago de Compostela: Universidade.




ANEXO




Mapa 1. *Cantades*. Fonte: *ALGa* (1990: mapa 2)




Mapa 2. Collestes. Fonte: ALGa (1990: mapa 57)




Mapa 3. Mércores. Fonte: ALGa (2003: mapa 34)




Mapa 4. *Venres*. Fonte: *ALGa* (2003: mapa 36)




Mapa 5. *Outubro*. Fonte: *ALGa* (2003: mapa 134)




Mapa 6. *Outono*. Fonte: ALGa (2003: mapa 123)




Mapa 7. *Fixestes*. Fonte: ALGa (1990: mapa 263)




Mapa 8. *Maceira* (sufixos). Fonte: *ALGa* (1995: mapa 112)




Mapa 9. *Maceira*, *maceiro*. Fonte: *ALGa* (1995: mapa 113)



Mapa 10. *Maceira, mazanceira*. Fonte: ALGa (1995: mapa 114)




Mapa 11. *Enxiva*. Fonte: ALGa (1999: mapa 183)




Mapa 12. *Tarde, serán*. Fonte: ALGa (2003: mapa 4)

- orballo (orbaillo, orbaliada, orbateira, orbateiraga...)
- barruzo (barruzada, barruceira, barrufo, barralla, barruma...)
- ⊙ babuxa (babaxa, baballa, babuña, babuxada, babuxeira, babuxadela...)
- ⊙ barbaña/marmaño (barbuña, barmaño, barboxo, barbuzo, marmuña, barbañeiro, marmañeiro...)
- ▣ zarzallo (zarzalleira, cerzo)
- ▽ chuisca (chuisco, chuviña, chiviña, chuiscada, chuisqueira, chuiscadela, chuvia miúda...)
- ◆ molura (meluria, melcada, melacira)
- ⊕ mera (meriña, merea, meruxeira)
- ▣ poalla (puallo, poallada, poalleira)





Mapa 13. *Orballo* (síntese). Fonte: ALGa (2003: mapa 70)



- 'atardecer, tardiña baixa'
- 'luscofusco, anoitecida'
- ✚ 'roibén, cor vermella que se ve no ceo con ou sen nubes ó pórse o sol'
- ◆ 'relento, brisa fría e húmida da noite'
- 'resío, humidade do aire que co frío da noite se condensa e se deposita en pingas pequenas'
- ▲ 'ruada, reunión con xente á noite ou pola noite para se divertir con cantigas e bailes'
- ▼ 'fiadeiro, reunión para fiar, que remataba con cantos e bailes'

Mapa 14. *Serán* (significados). Fonte: ALGa (2003: mapa 5)



Mapa 15. *Queixo*. Fonte: ALGa (2005: mapa 33)Mapa 16. *Dentada*. Fonte: ALGa (2005: mapa 207)